

## Informe sobre viabilidade da implantación dunha planta fotovoltaica en solo de núcleo rural (Concello de Ponte Caldelas - Expediente XCP 22/045).

### ANTECEDENTES

**ÚNICO.-** O 28.11.2022 tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia (núm. 2022/2918036) oficio do Concello de Ponte Caldelas no que solicita informe da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo sobre a implantación dunha planta fotovoltaica ligada a unha comunidade enerxética nunha parcela dunha comunidade de montes veciñais en man común nos seguintes termos:

"(...)

*A parcela onde se pretende instalar a planta fotovoltaica ten dobre clasificación, rústico e solo non urbanizable de núcleo rural.*

*Unha planta fotovoltaica é un uso que ten perfecto encaixe, de conformidade co artigo 35.1.m da Lei 2/2016 do LSG, en calquera categoría de solo rústico de especial protección, polo que resultaría viable a súa implantación sempre e cando se obtivesen os informes e autorizacións sectoriais preceptivos.*

*Unha parte da parcela onde se pretende instalar dita planta fotovoltaica está clasificada polas NNSS de Ponte Caldelas como solo non urbanizable de núcleo rural Área de tolerancia exterior do núcleo (solo de núcleo rural por imperativo da Disposición transitoria primeira 2.c da LSG).*

*A posibilidade de instalar unha planta fotovoltaica en terreos clasificados como solo de núcleo rural resulta dubidosa.*

(...)

*As NNSS de Ponte Caldelas non arroxan luz sobre esta cuestión, na medida que no seu articulado consideran as plantas de produción/xeración de enerxía como un uso industrial grupo 8 que nas ordenanzas de base residencial, como sería a de solo de núcleo rural, solo é admisible na súa categoría 1ª, "Poderanse situar en planta baixa e primeira de edificios residenciais e en patios de manzanas con tolerancia para a edificación nunha planta. Poden pertencer a esta categoría os seguintes grupos e nas condicións que se sinalan: (...) Del Grupo 8 12 As instalacións dos servizos de distribución de enerxía, auga e gas, con arranxo ao plan de ordenación dos mesmos e os seus regulamentos especiais. Na categoría 1ª nos seus distintos grupos, a potencia mecánica instalada non poderá exceder de 6 C.V (...)"*

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**PRIMEIRA.-** Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, correspóndelle a este órgano a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo, que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano  
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 355  
sxurbanismo@xunta.gal



**SEGUNDA.-** O Concello de Ponte Caldelas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento (en adiante, NNSS), aprobadas definitivamente o 12.02.1993 e a súa normativa publicouse no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o 06.04.1993.

A disposición transitoria primeira da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (en adiante, LSG), relativa ao réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, establece:

*“2. O planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras:*

*c) Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencias ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei”.*

Tal como puntualiza o apartado 1 da disposición transitoria segunda do Regulamento da LSG, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (no sucesivo, RLSG), *“enténdese que resultan de aplicación neste caso as maiores limitacións que se regulen no planeamento respectivo, referidas aos parámetros urbanísticos ou posibilidades de utilización, sen prexuízo do réxime xurídico xeral do solo de núcleo rural, que será, en todo caso, o establecido nos artigos 36 a 40”.*

En consecuencia, será de aplicación ás áreas de tolerancia dun solo non urbanizable de núcleo rural a ordenanza reguladora que corresponda das NNSS de Ponte Caldelas, se ben debe terse en conta que en todo caso debe respectarse o réxime xurídico xeral do solo de núcleo rural establecido nos artigos 36 a 40 do RLSG.

Polo tanto, a ordenanza reguladora dos usos en solo non urbanizable de núcleo rural das NNSS de Ponte Caldelas non pode contravir o réxime xurídico xeral previsto para o solo de núcleo rural na LSG e no seu Regulamento.

**TERCEIRA.** Os usos permitidos no solo de núcleo rural están recollidos no artigo 25 da LSG, desenvolvido polo artigo 39 do RLSG, que establece o seguinte:

*“1.- O planeamento urbanístico definirá os usos e as condicións de edificación admisibles nos ámbitos delimitados como núcleos rurais de poboación, con supeditación ás determinacións contidas na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e neste regulamento (artigo 25.1 da LSG).*

*2.- O uso característico das edificacións nos núcleos rurais será o residencial. Considerase como complementarios os usos terciarios ou produtivos, actividades turísticas e artesanais, pequenos talleres, invernadoiros e equipamentos, así como aqueles que garden relación directa cos tradicionalmente ligados ao asentamento rural de que se trate ou que den resposta ás necesidades da poboación residente neles (artigo 25.2 da LSG).*

*O uso característico debe entenderse como uso principal do núcleo. O carácter complementario dos usos enumerados no punto anterior e as súas condicións serán definidos polo plan xeral para cada ordenanza que se estableza no solo de núcleo rural.”*

Unha planta fotovoltaica non pode considerarse como uso complementario dos contemplados no réxime xurídico xeral do solo de núcleo rural pola LSG.

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano  
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela  
T. 981 544 355  
sxurbanismo@xunta.gal



**CUARTA.-** A disposición derogatoria única da LSG establece que resultarán derogadas *"cantos preceptos de igual ou inferior rango, incluídas as determinacións do planeamento urbanístico, se opoñan ao disposto nesta lei."*

En similares termos, se pronuncia o RLSG.

En consecuencia, todas aquelas determinacións do planeamento urbanístico que se opoñan ao réxime xurídico xeral previsto na LSG e no seu Regulamento, se entenderán derogadas no que se opoñan á mesma.

**QUINTA.-** A actuación pretendida, de acordo co establecido na LSG, é obxecto de título habilitante municipal, sendo competencia exclusiva do concello conceder o citado título, de acordo co establecido non artigo 25.2. a) *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local* e o artigo 12.1 da LSG.

Para tal efecto e, de conformidade co establecido no artigo 143.2 da LSG, a competencia para outorgar licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local, debendo as mesmas outorgarse de acordo coas previsións da lexislación e o planeamento urbanísticos (artigo 350.1 do RLSG) e correspondendo ao concello valorar na tramitación do correspondente expediente de outorgamento da licenza urbanística municipal, e á vista do proxecto e documentación que conta no mesmo, se a actuación prevista e para a que se solicita a licenza, ten encaixe na normativa vixente.

## CONCLUSIÓN

- 1.** A ordenanza reguladora dos usos en solo de núcleo rural das NNSS de Ponte Caldelas non pode contravir o réxime xurídico xeral previsto na LSG e no seu Regulamento, resultando derogada no que se opoña a este.
- 2.** A instalación dunha planta fotovoltaica non ten encaixe nos usos permitidos no artigo 25 da LSG e artigo 39 do RLSG para o solo de núcleo rural.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

